

Código do documento	Código do expediente
USG16I02JO	USG/2022/131
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
716G 5H5X 3F0X 4Q2V 0K4U	

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 01 DE AGOSTO DE 2022.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta M^a Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Jéssica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Sonia Corral Corral

SECRETARIA XERAL:

D.^a Ana Ramos Ramos

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e catro minutos do día un de agosto de dous mil vinte e dous, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. José Ramón Rioboo Castro e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta M^a Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta M^a Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Jéssica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. Interventora municipal, D.^a Sonia Corral Corral.

Actúa como secretaria a secretaria xeral, D.^a Ana Ramos Ramos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico municipal (BOP do 16/7/2004, núm. 162) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN. SE PROCEDE. DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 22 DE XULLO DE 2022.

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP do 16/7/04, núm. 162) a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 22 de xullo de 2022, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión. Ao non producirse ningunha intervención, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a aprobación da acta que resulta aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 22 de xullo de 2022.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Resolución do 15 de xullo de 2022, da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, -Secretaría Xeral de Política Lingüística- pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 17 de marzo de 2022. DOG núm. 141 do 26-07-2022.

Código do documento	Código do expediente
USG16I02JO	USG/2022/131
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
716G 5H5X 3F0X 4Q2V 0K4U	

C.I.F. P-1503100-H

- Resolución do 14 de xullo de 2022, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade- Secretaría Xeral da Igualdade- pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades locais, a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro e a asociacións de pais e nais para o desenvolvemento das actuacións do Plan Corresponsables, e se convocan para o ano 2022 (códigos de procedemento SI436A, SI436B e SI436C). DOG núm. 142 do 27-07-2022.
- Resolución do 19 de xullo de 2022, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se conceden as subvencións convocadas ao abeiro da Orde do 1 de decembro de 2021 (Diario Oficial de Galicia número 238, do 14 de decembro) de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia, con cargo á Unión Europea-NextGenerationEU (código de procedemento MT975J). DOG núm. 143 do 28-07-2022.
- Anuncio do 19 de xullo de 2022, da Deputación Provincial da Coruña -Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente- relativo á resolución de Presidencia nº 2022/32445 do 19 de xullo de 2022, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao Programa de axudas ao sector das orquestas e verbenas (PEL-CONCELLOS OV). BOP núm. 140 do 26-07-2022.
- Anuncio do 26 de xullo de 2022, do Concello de Culleredo -Persoal e Organización- relativo á convocatoria e bases da convocatoria do proceso selectivo para a selección de persoal funcionario interino, educadoras/es sociais, por programas e creación dunha bolsa para nomeamentos. BOP núm. 143 do 29-07-2022.
- Anuncio do 26 de xullo de 2022, do Concello de Culleredo -Persoal e Organización- relativo á convocatoria e bases da convocatoria do proceso selectivo para a selección de persoal funcionario interino, psicólogas/os, por programas e creación dunha bolsa para nomeamentos. BOP núm. 143 do 29-07-2022.
- Anuncio do 26 de xullo de 2022, do Concello de Culleredo -Persoal e Organización- relativo á convocatoria e bases da convocatoria do proceso selectivo para a selección de persoal funcionario interino, asesoras/es xurídico sociais, por programas e creación dunha bolsa para nomeamentos. BOP núm. 143 do 29-07-2022.
- Anuncio do 26 de xullo de 2022, do Concello de Culleredo -Persoal e Organización- relativo á convocatoria e bases da convocatoria do proceso selectivo para a selección de persoal funcionario interino, traballadores/as sociais, por programas e creación dunha bolsa para nomeamentos. BOP núm. 143 do 29-07-2022.

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLARÍAS DELEGADAS.

2.2.1.- O sr. Liñares Gestal dá conta á Xunta de Goberno Local das seguintes resolucións da Concellería delegada de medio ambiente, obras e servizos:

“

- Resolución número CUL/RES/1322/2022 do 14/07/2022 pola que se inicia a execución subsidiaria con carácter urxente á vista do estado de abandono dos terreos con referencia catastral 6721320NH4962S, incluídos no ámbito da rede secundaria de faixas de xestión, con perigo de incendio e pola proximidade á vivendas, mediante a contratación dos traballos a unha empresa especializada, e se aproba a liquidación provisional de gastos no procedemento de execución subsidiaria por importe de 321,86 €.

Código do documento	Código do expediente
USG16I02JO	USG/2022/131
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
716G 5H5X 3F0X 4Q2V 0K4U	

- Resolución número CUL/RES/1346/2022 do 15/07/2022 pola que se renova o permiso municipal de condutor do Concello de Culleredo, á Dona M. D. C. R. E, cunha validez de cinco anos, ou ata que se produza o vencemento do seu permiso de conducir, para a licenza de taxi número 30.
- Resolución número CUL/RES/1352/2022 do 15/07/2022 pola que se renova o permiso municipal de condutor do Concello de Culleredo, á Dona M. D. C. R. E, cunha validez de cinco anos, ou ata que se produza o vencemento do seu permiso de conducir, para a licenza de taxi número 35.
- Resolución número CUL/RES/1347/2022 do 15/07/2022 pola que se renova o permiso municipal de condutor do Concello de Culleredo, a Don F. J. G. D, cunha validez de cinco anos, ou ata que se produza o vencemento do seu permiso de conducir, para a licenza de taxi número 30.
- Resolución número CUL/RES/1348/2022 do 15/07/2022 pola que se dá de alta como condutor asalariado da licenza de auto-taxi núm. 29 do Concello de Culleredo á Don C. J. R. M.
- Resolución número CUL/RES/1349/2022 do 15/07/2022 pola que se autoriza o uso especial por UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A. dos terreos de dominio público municipal afectados para a canalización SUBMINISTRO ELÉCTRICO R.B.T. PARA A VIVENDA UNIFAMILIAR SITUADA NA R/. JUANA CAPDEVILLE, NÚM. 45, coas condicións establecidas por este Concello de Culleredo.
- Resolución número CUL/RES/1368/2022 de data do 20/07/2022 pola que se concede a licenza municipal núm. 439 para uso especial de dominio público, para reserva de espazo de entrada e saída de vehículos (**modalidade Reserva Permanente as 24 horas**), para o local situado na Avda. Da Coruña, núm. 14, do Burgo, deste termo municipal, á D. F. J. R. S.
- Resolución número CUL/RES/1393/2022 de data do 26/07/2022 impoñer a sanción **de clausura total das instalacións do Pub Birras situado na praza A Ría número 1 baixo (Culleredo-A Coruña) por un prazo de DEZAOITO (18) MESES** á D. A. M. S. pola comisión das infraccións de incumprir as condicións de insonorización da instalación, no Pub Birras situado na praza A Ría, núm. 1 baixo (Culleredo-A Coruña), conforme ao disposto no artigo 49 da Ordenanza municipal de protección contra rúidos e vibracións, publicada no Boletín Oficial da Provincia núm. 233 de 4 de decembro de 2014.”

C.I.F. P-1503100-H

2.3.- SENTENZA 120/2022 DO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 3 DA CORUÑA, PROCEDEMENTO ORDINARIO 117/2021.

O Sr. Alcalde dá conta á Xunta de Goberno Local da sentenza 120/2022 do Xulgado Contencioso Administrativo número 3 de A Coruña, en cuxo fallo di:

“Se estima parcialmente el recurso contencioso administrativo interpuesto por la Procuradora Dña. C.M.U, en nombre y representación de OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS S.L.U., frente a las siguientes resoluciones:

1º.- Resolución expresa del Ayuntamiento de Culleredo de fecha 8 de febrero de 2021, que acuerda el pago de 2.686,68 euros en concepto de intereses de demora por operaciones comerciales (Certificaciones nº 1 y 2). Asimismo, se reclama frente a la inactividad administrativa del Ayuntamiento que desestima la reclamación de pago correspondiente a la Certificación 3 y la Certificación Final de la obra “Renovación de tubaxes de abastecemento nas rúas marqueses de Almeiras, Pereiros, Penedas, Vigovidin, Alba Clérigo Solé, Choeira, Bo Home e Rafaele Dieste-Concello de Culleredo”.

2º.- Resolución de 26 de noviembre de 2021, dictada por la Concelleira Delegada da Área de Urbanismo e da Área de Facenda, Patrimonio e Administración Electrónica, que estima parcialmente la reclamación interpuesta por la

Código do documento	Código do expediente
USG16I02JO	USG/2022/131
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
716G 5H5X 3F0X 4Q2V 0K4U	

parte actora en relación con los intereses de demora de la Certificación número 3, acordando intereses por importe de 9.493,56 euros.

Se anulan dichas resoluciones, reconociendo a la mercantil recurrente el importe de 22.725,16 euros correspondiente a la Certificación Final de obra, más los intereses moratorios hasta su completo pago.

Se ordena una nueva liquidación de los intereses de demora de las Certificaciones 1 a 3 que corresponde satisfacer por la Administración a la parte actora, teniendo en cuenta las bases de liquidación efectuadas por la Administración en sus resoluciones, pero incluyendo el IVA de las facturas, sin que pueda aplicarse intereses sobre estas cantidades.

Se condena a la Administración a estar y pasar por las anteriores declaraciones.

No se realiza especial pronunciamiento sobre las costas.

Notifíquese esta sentencia a las partes haciéndoles saber que contra la misma cabe interponer recurso de apelación.

(.../...)"

3.- ASUNTOS URGENTES

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

5.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)